

KILLER OF SHEEP

[Charles Burnett, 1978]

107

OS OLLOS VERDES

ESTREA EN NUMAX 18.04.2016 | V.O.S.E.

FICHA TÉCNICA

Killer of Sheep (1978, 83')

Dirección: Charles Burnett

Guión: Charles Burnett

Reparto: Henry G. Sanders, Kaycee Moore, Charles Bracy, Angela Burnett, Eugene Cherry, Jack Drummond

Montaxe: Charles Burnett

Son: Charles Bracy

Fotografía: Charles Burnett

Produtora: Charles Burnett

Distribuidora: Milestone Films

Formato de proxección: DCP 2K, 1.37:1

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Namibia: La lucha

por la liberación, 2007

Martin Scorsese presenta the Blues -

Entre lo sagrado y lo profano, 2003

Gritos de libertad, 1996

When It Rains, 1995 [curtametraxe]

The Glass Shield, 1994

Nunca te acuestes enfadado, 1990

My Brother's Wedding, 1983

PREMIOS

Berlín 1981 (Premio FIPRESCI),

National Film Preservation Board 1990

SINOPSE

Retrato da vida dun home común, un traballador negro dun matadeiro de Los Ángeles, cunha vida chea de dificultades e contradicións no seu ámbito social e familiar. Era 1977 e Charles Burnett, estudante de raza negra da UCLA, capturaba coa súa cámara de 16 milímetros e un grupo de actores principiantes a vida no suburbio de Watts.

«Unha obra mestra. Un dos dramas máis profundos e auténticos sobre a vida dos afroamericanos. Un dos máis grandes filmes norteamericanos, e punto»

Dave Kehr. INTERNATIONAL HERALD TRIBUNE



OS OLLOS VERDES: CHARLES BURNETT

KILLER OF SHEEP

+ AULA OS OLLOS VERDES
«CONTRA QUEN PELEXO
ESTA NOITE?»

LUNS 18 DE ABRIL 2016 | 17:30

Entrada de balde previa reserva

Duración estimada: 2 horas



Entrevista a Charles Burnett

Por David Jenkins

Killer of Sheep era unha reacción contra Hollywood? Máis ben era unha reacción aos filmes políticos que se facían naquela altura. Había unha chea de fitas arredor da clase traballadora explotada pola patronal que, ao formar un sindicato, resolvían de súpeto todos os problemas. A miña resposta era que a maioría da xente era abondo afortunada cando era quen de atopar un traballo e conseguía mantelo un certo tempo. Cando comecei *Killer of Sheep* quería crear algo que agromase da miña propia experiencia. A idea era que se ti foses guindado á esquina da 97 entre Avalon e Watts, iso é o que atoparías. Un anaco de vida.

Que te empurrou a estudar un curso de cinema na UCLA a mediados dos 70? Estaba a estudar electrónica e tiña un traballo nunha biblioteca local no serán. Tiña as tardes libres e adoitaba ir

ver filmes. Comecei a interesarme pola fotografía e a cámara de cinema, pensei en matricularme na Universidade de Southern California porque se atopaba ben preto da miña casa, pero era cara de máis. Preguntei na UCLA e vin que era ben máis barata e por iso ingresei nela.

Era unha época na que se vivía un ambiente dinámico e creativo. Si, estaba aí o movemento polos dereitos civís, a Guerra do Vietnam, as Panteras Negras... Todo o mundo empregaba a arte para representar problemas sociais e a meirande parte dos mozos da escola de cinema, especialmente a xente de cor, tentaba mudar a percepción da sociedade en Hollywood. Era un período no que se tentaba definir o cinema e consideralo como unha forma de arte.

Que caste de filmes vías na UCLA? Estaba especialmente interesado no documental. Os filmes líricos de Pare Lorentz, Robert Flaherty e Joris Ivens. Recibín clases de documental de Basil Wright, o autor de *Song of Ceylon* (1934), que me achegou un sentido da dirección. Lembro manter unha conversa con Wright na que me explicou como fixo *Song of Ceylon*. Díxome que era preciso

NA LIBRARÍA NUMAX
(SELECCIÓN A CARGO DE VÍCTOR PAZ)

- El extraño asesinato.**
Chester Himes. Akal, 2010
- Elogiemos ahora a hombres famosos.**
James Agee & Walker Evans. Planeta, 2015
- Vida de Frederick Douglass, un esclavo americano.** Frederick Douglass. Alcalá, 2013
- L.A. Rebellion. Creating a New Black Cinema.**
Allyson Field, Jan-Christopher Horak, Jacqueline Najuma Stewart (Eds.).
University of California Press, 2015
- Democracia de la abolición.**
Angela Davis. Trotta, 2016
- Las confesiones de Nat Turner.**
William Styron. Belacqua, 2008
- Charles Burnett, un cineasta incómodo.**
María Míguez, Víctor Paz (Eds.)
Play-Doc Books, 2016

Colaboran:


CONCELLO DE
SANTIAGO

**Play
-doc**

KILLER OF SHEEP

[Charles Burnett, 1978]

BIOFILMOGRAFÍA

Charles Burnett (Vicksburg, Mississippi, 1944) sitúase como un dos principais autores do cinema independente nos Estados Unidos e está considerado cineasta como Martin Scorsese, como «o máis talentoso e importante realizador afroamericano». Burnett dáse a coñecer en 1977 co filme *Killer of Sheep*, retrato cheo de crueza e tenrura da vida cotiá no barrio de Watts, Los Angeles, onde se criou o autor. Esta obra, seleccionada pola Biblioteca Nacional do Congreso polos seus valores históricos e artísticos, inaugura unha filmografía que, no seu período inicial, achega unha ollada plena de frescura e veracidade á vida nos barrios negros de Los Angeles, en filmes independentes como *My Brother's Wedding* (1983) ou *When It Rains* (1995). Nos últimos anos, Burnett tense achegado a paradigmas de produción máis próximos á industria sen abandonar por iso a súa capacidade para nos falar con sinceridade da súa propia comunidade, asinando obras como *To Sleep with Anger* (1990) ou *Nightjohn* (1996).



centrarse nun suxeito e tratalo con dignidade e humanidade. Era algo que eu precisaba ouvir. «Conta a túa historia», foi o que me dixó.

Que lembrás da rodaxe de *Killer of Sheep*? Todo o filme contaba cun guión e un *storyboard* e quería crear algo que fose o oposto a un filme de Hollywood. Non quería empregar contraluces nin nada semellante e o filme foi relativamente barato unha vez tomada esa decisión. Quería tamén levar o cinema á comunidade para desmitificalo. Comezamos cun modesto equipo técnico na UCLA, mais durante a rodaxe foise sumando xente en diferentes labores. Por exemplo Charles Bracy [un dos actores do filme] e os seus fillos remataron facendo o son. Foi todo moi relaxado, se a xente non se presentaba un día non gravabamos, se aparecían si.

Extraído de: <http://www.timeout.com/london/film/charles-burnett-on-killer-of-sheep>

Entrevista a Charles Burnett

Por James Ponsoldt

Tiveches bastantes problemas coa música de *Killer of Sheep*. Eu era daquela un estudante e non pensaba que o filme fose ser proxectado en salas de cinema. Rematei o filme e engadín toda a música sen pensar. Naquel momento non houbo problemas cos dereitos da música nin sabía o que ía acontecer con

este asunto máis adiante. Os posuidores da canción *Unforgettable* negáronse a conceder os dereitos, co cal todo se atrasou moito. Finalmente decidimos repetir unha das primeiras cancións de Dinah Washington no seu lugar. Hai outra canción, *Poet and Peasant Overture*, que tamén tivemos que substituír.

Revisando agora *Killer of Sheep*, coidas que mudou o teu xeito de traballar? Se a fixeras hoxe tería cambiado algo?

Non creo. Era un experimento en moitos sentidos. Sempre que fas algo estás a experimentar dalgún xeito, queres ir máis e máis aló. Tiña o estilo axeitado para o que tentaba facer, que era penetrar nunha realidade sen impor uns valores sobre a mesma e manter un estilo o máis documental posíbel.

Tes falado sobre as mudanzas da comunidade filmada. Coidas que *Killer of Sheep* funciona como unha cápsula de tempo? Coidas que é... Relevante? Non, estou certo de que é relevante. Mais como pensas que o filme se relaciona co mundo a día de hoxe?

Coido que no filme pódese ver a semente dalgúns cousas que aconteceron máis adiante. As manifestacións de Watts foron en 1965, nós gravamos o filme a comezos dos 70 e pódese ver o pouco que se fixo nese intervalo para axudar a comunidade. E nalgúns aspectos, se miras para atrás, a cousa é aínda peor agora. Daquela, era máis doado conseguir un traballo manual, mais agora todo é tecnolóxico. Daquela era posíbel aprender un oficio na familia, se eras carpinteiro ou fontaneiro e agora cómpre ir á escola para todo. No filme hai algúns elementos antisureños, como



o fillo que chama á súa nai, «cariño», que é como un código rural, e ela dille que non fale así. Hai un rexeitamento a certos valores, mais tamén hai unha certa relación con eles.

Existe unha exploración sobre como o rural, ou os valores sureños, poden coexistir nunha contorna metropolitana como Los Angeles?

Iso vese máis en filmes posteriores como *To Sleep with Anger* ou *My Brother's Wedding*. Cando eu era pequeno este era un enfrontamento constante. Se viñas do Sur a xente chamábate «country» cunhas connotacións negativas. Mais se dalgún xeito deixas que eses valores sureños penetren, nunha caste de osmose, ollas a túa vida e decátaste de que son relevantes. Sinto certa pena cara a aquelas persoas que foron criadas sen ningún sistema de valores. No barrio no que eu me criei, a veciñanza era como unha caste de gran familia e iso é algo que hoxendía está practicamente perdido. Los Angeles é tan urbana... mais antes tiñas unha chea de espazos abertos e rurais como en *Tom Sawyer* e *Huckleberry Finn*. Podías ver as montañas e o no patio da casa había polos, coellos e patos. Existía un sentimento de comunidade.

Lin que tentaches facer un filme na UCLA sobre a revolución negra e que ao contarlo a algúns profesores escacharon a rir. Atopo que os teus filmes son incrivelmente humanos e políticos.

Non quería facer un filme revolucionario que chamase a tomar a cidade ou o mundo, necesariamente. O que quería era facer un filme que reflectise a realidade. Eu adoitaba cortar

o pelo en Watts nunha barbaría, e sempre que ía alí escoitaba algunha conversa ou discusión dos vellos do barrio. Nunha delas coincidiu co aniversario de Paul Robeson. Eu estaba emocionado pola efeméride mais a actitude xeral da xente era contraria a Robeson pois consideraban que se convertera nun inimigo do país. Estaban a falar dun tipo que clamaba contra a inxustiza por todo o mundo! Daquela comezou un gran debate no que a xente dicía cousas como: «voulle mercar un billete de avión a Rusia se promete que non vai volver». Entón eu decateime de que eles viviran a guerra, foran criados no Sur, viviron a segregación e conservaban un profundo patriotismo. Para min era moi difícil reconciliarme con todo isto. Non fixeran parte da rebelión de Watts e crían realmente no sistema. Isto fíxome reparar na xente que se atopaba economicamente no chanzo máis baixo mais non se consideraban pobres porque traballaban e íanse gañando a vida. Abriume os ollos en moitos sentidos.

Textos extraídos de: <http://cineuropa.org/it.aspx?t=interview&l=fr&did=299653>

Traducións: Xan Gómez Viñas

«CONTRA QUEN PELEXO ESTA NOITE?»

AULA OS OLLOS VERDES CON CHARLES BURNETT

LUNS 18 DE ABRIL 2016 | 17:30H

Entrada de balde previa reserva en comunicacion@numax.org

Duración estimada: 2 horas

Na súa aula, Burnett fará un percorrido por toda a súa obra, tamén a máis descoñecida. Falará do seu método de traballo, con experiencias moi positivas, nas que tivo o control total, como a libérrima e moi independente *When it Rains*; fronte a outras máis difíciles, nas que se tivo que adaptar a un modelo de produción máis constrinxido e nas que non asinou o guión. Nuns casos e noutros, Burnett sempre intenta imprimir o seu selo, e sobre iso se centrará precisamente a súa charla. Sobre iso, e sobre o respecto ao retratado; a súa máxima.

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org